

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 26 DE OUTUBRO DE 2017,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA EMPREGO E INDUSTRIA

- Decreto relativo aos ascensores instalados na Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural a obra de Urbano LUGRÍS González, *Vista da Coruña 1669*.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se declaran festas de interese turístico de Galicia o Descenso Internacional do Miño, o Mercado Medieval de Mondoñedo e a Semana Santa de Mondoñedo.
- Acordo polo que se autoriza a establecer anticipos en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como a exención da obriga de constituír garantías ao abeiro do artigo 67.4 do Decreto 11/2009, e a adquirir compromisos de carácter plurianual ao abeiro do artigo 58.1b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, en relación coa orde conxunta, mediante a que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria das axudas previstas polo Decreto 102/2017, do 19 de outubro, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de outubro do ano 2017.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Vigo para o financiamento da continuidade nos traballos de redacción da revisión do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Vigo, por un importe dun millón trescentos trinta un mil euros (1.331.000,00€).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, para o cofinanciamento do subprograma Ramón y Cajal, por un importe de douscentos sesenta e tres mil douscentos cincuenta euros (263.250,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Baiona, para a adquisición de mobiliario para a biblioteca e arquivo municipal de Baiona, por un importe total de corenta mil euros (40.000,00€).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión dunha parcela de 2.255 m², feita a título gratuito polo Concello de Paderne de Allariz (Ourense), a favor do Servizo Galego de Saúde, con destino á construción dun novo centro de saúde.
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión dunha parcela de 4.262 m², feita a título gratuito polo Concello da Estrada (Pontevedra), a favor do Servizo Galego de Saúde, con destino á construción dun novo centro de saúde.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e os concellos de Boimorto e Mesía, para a execución de obras de infraestruturas rurais, por un importe máximo de cento corenta e cinco mil setecentos trinta e sete euros con sesenta e tres céntimos (145.737,63€).

INFORMES

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Informe sobre a Estratexia 2020 de eliminación de treitos de concentración de accidentes nas estradas da Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a consulta a grandes empresas capaces de impulsar proxectos de investigación industrial e desenvolvemento experimental sobre a Industria 4.0 e comprometer a explotación dos seus resultados en Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a creación da Unidade de Oncoloxía Pediátrica

APROBADO O DECRETO QUE HOMOXENEÍZA OS PROTOCOLOS DE CONTROL DOS ASCENSORES INTALADOS EN GALICIA

- *O Consello dá Xunta da luz verde a unha normativa que adapta as novidades introducidas pola lexislación estatal para garantir unha maior seguridade nos elevadores*
- *O acordo permite que as inspeccións por parte dos organismos de control autorizado (OCA) para comprobar as condicións de conservación e mantemento dos aparellos se realicen a través dunha mesma norma*
- *Permite dar de baixa temporal un ascensor sen que perda o seu rexistro de aparello elevador (RAE), medida que beneficiará especialmente os edificios vacacionais*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá un decreto relativo aos ascensores instalados en Galicia que ten por obxectivo adaptar a normativa autonómica ás novidades introducidas pola lexislación nacional vixente nesta materia -Instrución técnica complementaria AEM1-, o que permite dotar dunha maior seguridade e control os elevadores dos edificios galegos.

Unha das novidades máis destacadas é que se establece a obrigatoriedade de que todos os organismos de control autorizado (OCA) realicen as súas inspeccións con base na norma UNE 192.008, homoxeneizando un procedemento no que, ata agora, cada OCA utilizaba o seu propio protocolo. Ademais, establécense as concordancias nas cualificacións das inspeccións a nivel autonómico e estatal, co que se achega unha maior claridade.

Outro punto destacado é a posibilidade de dar de baixa temporal un ascensor, unha medida que beneficiará especialmente os edificios vacacionais que, deste xeito, non perderán o seu número de rexistro de aparello elevador (RAE).

Ademais, o decreto regula de xeito máis exhaustivo varios procedementos como as comunicacións entre empresa mantedora e reparadora no caso dos arranxos de ascensores; a notificación de posta fóra de servizo, e a obrigatoriedade da comunicación bidireccional nos ascensores existentes.

Finalmente, elimínase a obrigatoriedade do libro do ascensor, xa que os organismos de control autorizado están obrigados a enviar á Xunta as actas das inspeccións e tamén, de xeito mensual, as empresas mantedoras teñen que remitir o contido do seu rexistro.

Con todas estas medidas, o Goberno galego segue avanzando no obxectivo de conseguir vivendas máis seguras e con máis calidade, o que redundará nun maior benestar dos cidadáns. Nesta liña, enmárcanse o plan de renovación de ascensores ao

que a Xunta destina máis de 3 millóns de euros desde a súa posta en marcha en 2015, un programa que xa permitiu renovar 300 elevadores en Galicia.

A XUNTA APROBA A DECLARACIÓN BIC DO MURAL 'VISTA DA CORUÑA 1669' DE URBANO LUGRÍS

- *Deste xeito, a Consellería de Cultura e Educación protexe e axuda a difundir esta singular peza, representativa da mellor arte surrealista galega e icónica dentro do imaxinario colectivo da cidade herculina*
- *Trátase da terceira obra pictórica que goza de xeito singular da consideración de BIC ao longo da historia de Galicia*

Santiago, 19 de novembro de 2017.- O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración como Ben de Interese Cultural (BIC) de natureza moble do mural 'Vista da Coruña 1669' de Urbano Lugrís González. Trátase dunha peza posuidora duns valores artísticos sobresaíntes e que ten un valor identitario moi significativo para a cidade da Coruña.

É a terceira ocasión na historia de Galicia na que unha obra pictórica resulta declarada BIC de xeito singular, logo do acontecido cos lenzos "El Boyero Castellano" de Sorolla, no ano 1993, e "Parella de Galegos de Bergantiños" de Álvarez de Sotomayor, en 1994, polo que a obra resulta pioneira desde moitas perspectivas técnicas. Con outorgamento legal, a Xunta contribúe a distinguir a singularidade e a poñer en valor un ben artístico sobranceiro, ao mesmo tempo que se favorece a súa conservación a través da máxima protección.

Unanimidade no seu valor cultural

A aprobación deste decreto contou con informe favorable para a súa declaración do Museo de Belas Artes da Coruña, do Museo Massó de Bueu, do Consello da Cultura Galega, da Real Academia Galega de Belas Artes e da Universidade de Santiago de Compostela. Así mesmo, foron atendidas as alegacións presentadas. Todos os ditames redundan no carácter singular deste mural e o seu interese desde a perspectiva do seu valor cultural sobranceiro.

Da peza destácase que nela conviven harmonicamente a imaxinación e o recordo, o traballo minucioso e preciso do debuxo, así como a selección de motivos figurativos e a forza coa que se canaliza a expresión do mar, verdadeiro motivo central do amplo panorama representado. Todo este imaxinario simbólico e onírico se reproduce como un retrato completo do universo de Lugrís para converter o mural nun recurso sobranceiro do patrimonio cultural de Galicia.

Utopía coruñesa de gran formato

'Vista da Coruña 1669' é unha peza de gran formato, con máis de 9 metros de longo por 2,35 de alto, realizada con pintura acrílica sobre xeso, que representa un punto álxido no surrealismo galego de mediados do século pasado.

Nela pódese contemplar unha paisaxe onírica e figurativa da península da Coruña, cun primeiro plano da cidade e coa presenza de elementos icónicos urbanos, como a torre de Hércules, o castelo de Santo Antón, a cidade vella ou os desaparecidos muíños de vento de Monte Alto. Segundo a interpretación dos especialistas Antón Castro e Rubén Ventureira, a imaxe sería unha homenaxe á acuarela de Pier María Baldi recollida no libro *Viaxe de Cosme de Médicis por España e Portugal (1668-1669)*, editado en Madrid, en 1933, e que inclúe unha vista panorámica da Coruña. Os motivos do mural reproducen o punto de vista e composición xeral, destacan os mesmos elementos e evocan un momento histórico que podería complementar a «Vista da Coruña 1830», localizada na actualidade no Museo de Belas Artes da Coruña, así como outras obras da súa prolífica tarefa como muralista.

O mural é unha obra paradigmática do seu autor, realizado na súa plenitude artística, e, aínda que non se conserva na súa totalidade, pode apreciarse coas suficientes condicións de integridade, de modo que e os seus motivos manteñen as súas características compositivas e comunicativas intactas.

Do Banco Hispano-Suízo á Afundación

O mural foi encargado en 1952 para decorar a nova sede do Banco Hispano-Suízo na rúa Real 74, no local que fora da sala de festas La Granja. O custo estímase que foi de 50.000 pesetas. O panel inicial cubría a altura da planta e unha entreplanta e formaba conxunto con outros tres de menor tamaño. Un cun mapa da península ao fondo da sala coas actividades do banco; outro, no mesmo lateral que o gran panel, con motivos rexionais, como as vacas e o hórreo; e o último, na planta primeira, cunha temática arbórea. A parte superior do mural apenas tiña máis motivo que o ceo e, a continuación dalgún dos edificios máis representativos, aparecían unha rosa dos ventos e unha bandeira coa cruz de santo André.

O resto dos murais e a parte superior desta «Vista da Coruña» foron desaparecendo, como outras obras de Luguís, nas sucesivas reformas do local. En 1984 instalouse neste espazo unha sucursal do Banco de Vizcaya e, en 1997, integrouse na decoración do Café Vecchio, que dispuxo a súa distribución realzando a localización do mural, aínda que perdendo o seu contexto orixinal.

Co peche en 2015 da actividade de hostalaría, a propiedade conseguiu un acordo coa entidade bancaria Abanca para o seu traslado e restauración e, desta forma, permitir a súa mellor conservación e difusión e foi trasladada á sede central da empresa, con entrada desde a rúa Olmos, nunha posición moi próxima e similar á orixinal. Durante o ano 2017 a obra foi divulgada nunha exposición levada a cabo na sede de Afundación sobre a obra muralística de Urbano Luguís.

A XUNTA DECLARA TRES NOVAS FESTAS DE INTERESE TURÍSTICO NAS PROVINCIAS DE PONTEVEDRA E LUGO

- *Acadaron o recoñecemento o descenso internacional do Miño e tamén a Semana Santa e o Mercado Medieval de Mondoñedo*
- *O Consello da Xunta aprobou a declaración unha vez examinadas as solicitudes presentadas pola súa antigüidade e singularidades*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia para o descenso internacional do Miño e a Semana Santa e Mercado Medieval de Mondoñedo, que se suman así ás preto de 140 festas de interese coas que conta Galicia hoxe en día.

Seguindo o procedemento marcado no decreto que regula esta declaración, valoráronse os distintos requisitos e criterios de antigüidade, singularidade, arraigamento popular ou valor cultural. Tamén se tiveron en conta aspectos como a afluencia de visitantes, o adecuado coidado dos contornos urbanos, a calidade dos actos que configuran as celebracións e a súa creatividade e innovación. Unha vez examinadas as solicitudes presentadas polas diferentes entidades e emitidos os preceptivos informes, Turismo de Galicia elevou a dita proposta ao Consello da Xunta para a súa aprobación.

O descenso internacional do Miño remóntase ás festas do século XIX, no que se facían regatas de chalanas e botes ata que nos anos 30 do século pasado se introduciron as piraguas, antes da súa inclusión como deporte olímpico nas Olimpíadas de Berlín de 1936. Promociona a práctica do deporte e desenvólvese nun lugar único, o río Miño, e inclúe o descenso popular, así como unha populosa festa gastronómica e animación musical.

A singularidade da Semana Santa de Mondoñedo vén dada polo alto valor cultural do contorno, o núcleo histórico, declarado conxunto histórico-artístico en 1985. As imaxes das procesións datan dos séculos XVIII e XIX e a súa catedral é unha das poucas de España nas que se mantén viva a tradición de tocar manualmente as campás.

De relevancia turística

Pola súa banda, o Mercado Medieval de Mondoñedo é un evento lúdico e cultural que se remonta a uns tempos nos que só se celebraba a Festa da Istoría de Ribadavia, polo que este é a segunda festa destas características que se celebra en Galicia. Está consolidado como mercado atractivo para os artesáns de todo o territorio pola organización e polo contorno.

Con este recoñecemento, as tres festas súmanse ás preto de 140 de interese turístico coas que conta Galicia, das que ata o de agora 9 son de Interese Turístico Internacional, 12 de Interese Turístico Nacional e, desde hoxe, 117 de Interese Turístico de Galicia.

O CONSELLO DA XUNTA DESTINA PRETO DE 21 MILLÓNS Á REPARACIÓN DE DANOS OCASIONADOS POLA VAGA DE LUMES

- *O Goberno galego desenvolve o decreto aprobado a semana pasada para chegar aos afectados polos incendios coa máxima rapidez, cunha orde de axudas de máis de 11 millóns*
- *A maiores, as consellerías de Medio Rural, Medio Ambiente, Infraestruturas e Vivenda e Economía acometerán actuacións directas por valor de 9,8 millóns*
- *O teléfono gratuíto 900 81 54 00 estará activo a partir da semana que vén, funcionará todos os días e asesorará e informará aos cidadáns sobre as axudas*

O Consello da Xunta destina preto de 21 millóns de euros para paliar os danos e os efectos da vaga de lumes que asolou Galicia a mediados do mes de outubro e aprobou hoxe a orde que establece as bases reguladoras que desenvolven o decreto do 19 de outubro de medidas urxentes de axuda. Trátase dunha resposta conxunta e coordinada do Goberno galego, que, nunha soa orde agrupa todas as subvencións dos distintos departamentos autonómicos.

En concreto, será unha axuda de 11 millóns de euros, e a maiores, varias consellerías articularán actuacións directas, que no caso de Medio Rural ascenderán a 7 millóns, no de Medio Ambiente a 1,1 millóns, no de Economía, Emprego e Industria a un millón e no de Infraestruturas e Vivenda a 700.000 euros.

O Goberno galego responde así de maneira inmediata ás necesidades orixinadas polos efectos dos lumes. Aprobou o decreto de medidas urxentes antes de que pasase unha semana desde a catástrofe dos incendios e a orde de axudas sete días despois dese decreto.

Nunha segmentación das axudas por departamentos da Xunta, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza destinará 1,5 millóns a establecer convenios de colaboración coas deputacións provinciais para facer fronte aos gastos derivados das actuacións levadas a cabo como consecuencia dos incendios e aos danos causados nos bens e dereitos de titularidade municipal.

A Axencia Turismo de Galicia destinará axudas para a reposición da numerosa sinalización turística queimada (500.000 euros) e para os titulares de establecementos turísticos afectados polos incendios (500.000 euros). Ademais, a Secretaría Xeral para o Deporte habilitará 100.000 euros para as asociacións, clubs e entidades deportivas polos danos nas súas instalacións.

A Consellería de Facenda será a encargada de outorgar as axudas por danos persoais cunha partida de 350.000 euros. Para os casos de falecemento e incapacidade

permanente absoluta establécense 75.000 euros por vítima. Nos casos de lesións que causasen hospitalización, inclúranse os gastos de asistencia médica e hospitalización, así como outros danos persoais que se acrediten.

Polo que respecta á Consellería de Medio Ambiente, haberá axudas para os titulares de terreos cinexéticos ordenados (Tecor) cun orzamento de 300.000 euros. Estas axudas estarán destinadas aos propietarios destes espazos para facer fronte aos traballos de recuperación e protección dos recursos, así como de elementos tales como refuxios, fontes, comedeiros, bebedeiros, tobeiras, cercados, infraestruturas de aclimatación ou elementos de sinalizacións.

No que atinxe á Consellería de Infraestruturas, destinaranse dous millóns de euros a sufragar os gastos en vivendas danadas e no seu enxoval doméstico. Haberá distinción entre vivendas habituais e residencias ocasionais. No caso das vivendas de residencia habitual, o importe máximo das axudas poderá acadar o 100% do valor de reparación ou reposición do inmovible danado, sen que en ningún caso o importe da dita axuda poida superar o 75% do prezo máximo de venda dunha vivenda protexida na mesma localidade. No caso das residencias ocasionais o importe máximo será dun 40% de valor da reparación ou reposición do inmovible danado.

Ademais, na mesma consellería, existe unha partida de 550.000 euros para sufragar os gastos de aloxamento provisional das persoas cuxas vivendas resultaron danadas.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria axudará con tres millóns na execución de obras de recuperación e reconstrución de establecementos comerciais, mercantís e industriais afectados -cun límite de 600.000 euros por establecemento- e no financiamento das ditas actuacións, cunha liña de préstamos con bonificacións de intereses ao 0%.

Medio Rural habilitará 1,5 millóns destinados á reparación dos danos en infraestruturas de titularidade privada (pistas forestais, captacións de augas, cerramentos, bebedeiros e comedeiros); gastos da madeira amoreada queimada e de corta, recollida e estelado da madeira queimada non comercial; a reparación de bens, maquinaria, equipamento ou medios de produción das explotacións agrícolas ou gandeiras; pola perda total ou parcial de produción agrícola das explotacións agrícolas e gandeiras; pola morte de gando ou pola perda de colmeas das explotacións gandeiras e apícolas, e para a adquisición de alimentación complementaria para o gando en extensivo ou as colmeas nas zonas afectadas.

Pola súa parte, a Consellería do Mar destinará un millón para reparar danos causados nos bancos marisqueiros derivados dos incendios. Os beneficiarios serán confrarías, organizacións de produtores, asociacións de profesionais do sector, cooperativas ou

organizacións constituídas por produtores de base que xestionen ou teñan aprobados plans de explotacións marisqueiras.

Co fin de que as axudas poidan ser efectivas o antes posible, habilitaranse anticipos do 100% no caso das sinalizacións turísticas, de ata o 80% na reparación de vivendas, do 50% no caso das relacionadas con Medio Ambiente, do 25% nos alugueres e do 25% nos establecementos comerciais. Ademais, as contías relacionadas cos danos persoais resolveranse este mesmo ano, ao igual que as dos alugueiros.

Para dar unha resposta o máis axeitada posible aos damnificados e para facilitarlles os trámites das axudas, a Xunta porá en marcha unha liña de teléfono específica e gratuíta que ofrecerá unha atención especializada aos cidadáns.

A información subministrada estará referida tanto ao asesoramento nas relacións dos damnificados coas compañías aseguradoras como ás liñas de axudas postas en marcha polo Goberno galego. O número de teléfono **900 81 54 00** estará operativo a semana que vén e funcionará tódolos días en horario de 8 a 22 horas.

Actuacións directas

A maiores das axudas, as consellerías de Medio Rural; Medio Ambiente; Economía, Emprego e Industria, e Infraestruturas e Vivenda realizarán actuacións directas para paliar os efectos dos lumes. Así, Medio Rural destina 7 millóns para accións de consolidación de solos e restauración de zonas queimadas. Traballarase nunha primeira fase nos 32 lumes de máis de 300 hectáreas que houbo ao longo de 2017 e, nunha segunda fase, naqueles lugares onde se considere preciso actuar.

Pola súa parte, Medio Ambiente adoptará medidas para a rexeneración e consolidación dos solos danados polos incendios nos parques naturais dando prioridade ao restablecemento dos hábitats na Baixa Limia-Serra do Xurés debido á presenza de especies catalogadas en perigo de extinción. Estas actuacións directas ascenderán a 1,1 millóns.

Dada a presenza destes hábitats é precisa unha actuación urxente para evitar a súa degradación, especialmente nos casos nos cales a afectación non fose total e o hábitat ou especie poida ser recuperado. Pola contra, aqueles que resultasen destruídos é necesario crear as condicións axeitadas para a súa rexeneración ou reintrodución. Como actuación prioritaria, a iniciar xa a próxima semana, deben realizarse operacións tendentes á fixación e consolidación dos chans afectados coa finalidade de impedir o seu arrastre e a chegada dos sedimentos aos cursos fluviais. Por outra banda, é necesario proceder á recuperación das zonas con sementeiras selectivas, segundo os hábitats presentes nas zonas, así como realizar a limpeza de todas as infraestruturas de drenaxe para evitar a súa colmatación.

No marco desas actuacións directas, Economía, Emprego e Industria contará coa colaboración da Fundación Incyde para levar a cabo un programa de recuperación e continuidade dos negocios afectados polos lumes. Cun orzamento de ao redor dun millón de euros, a Fundación porá á disposición dos empresarios un equipo de expertos para a recuperación dos negocios -sobre todo nas zonas rurais afectadas-, e que incluírá un paquete de medidas para devolver a normalidade ás empresas, asegurando o seu funcionamento e preparándoas ante imprevistos que poidan suceder no futuro.

Para a recuperación da súa actividade económica, ofreceranse, por exemplo, obradoiros de marketing con iniciativas que axudan a comunicar a reapertura dos negocios, así como un manual onde se informará ás empresas sobre os riscos ante os que poden ser vulnerables e sobre estratexias para garantir a súa recuperación e continuar operando de xeito inmediato tras calquera tipo de interrupción.

Por último, a Consellería de Infraestruturas investirá máis de 700.000 euros en reparacións en diversas estradas da provincia de Pontevedra afectadas polos lumes. Así, acometeranse obras de emerxencia destinadas á substitución, en diversos treitos, de sinalización vertical, balizamento, barreiras de seguridade e vallas de cerramento, ademais da retirada e tratamento de materia vexetal queimado nas marxes, reperfilado de noiros para garantir a súa estabilidade, e de cunetas.

O CONSELLO DA XUNTA DÁ LUZ VERDE AO CONVENIO PARA FINANCIAR ATA UN 50% A REDACCIÓN DO NOVO PLAN XERAL DE VIGO

- *O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, deu o visto e praxe ao texto do convenio, despois de que o Concello de Vigo trasladase a súa conformidade co contido, tal e como comunicaron o pasado venres, 20 de outubro*
- *A primeira anualidade do convenio, a de 2018, cunha contía máxima de 133.000 euros, permitirá a licitación da redacción do plan*
- *A Xunta traslada unha vez máis a súa colaboración para que Vigo poida contar cun novo planeamento, equilibrado e sustentable, adaptado á normativa urbanística vixente, o que contribuirá ao progreso económico e social da cidade*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, aprobou o texto do convenio de colaboración para financiar ata un 50% a redacción do novo Plan xeral de Vigo. Con este novo paso, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio pode asinar o convenio de colaboración despois de que o Concello de Vigo trasladase - nunha carta con data do 20 de outubro- a súa conformidade co contido do convenio de colaboración.

Co visto e praxe ao convenio, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio dá novas mostras do seu apoio e colaboración para que os concellos galegos, neste caso o de Vigo, dispoñan dun instrumento urbanístico moderno, adaptado e, sobre todo, que garanta a seguridade xurídica e a igualdade de dereitos e oportunidades dos cidadáns.

O novo planeamento, equilibrado e sustentable, contribuirá ao progreso económico e social da cidade, que deberá posibilitar que Vigo xere e concentre a polaridade comercial e industrial do eixe de comunicación co norte de Portugal.

En definitiva, o convenio autorizado esta mañá proporciona o financiamento necesario para impulsar os traballos de redacción e revisión do PXOM, para adaptalo ao novo marco xurídico estatal e á Lei do solo de Galicia, para dar unha resposta adecuada aos problemas urbanísticos existentes. É dicir, séntanse as bases para que Vigo poida recuperar a senda urbanística que permitirá o seu desenvolvemento, ademais de favorecer o crecemento dos concellos limítrofes, como centro dinamizador de actividade e competitividade, e non soamente a nivel local, senón tamén a escala estatal e europea.

Anualidades e obrigas

O convenio de colaboración establece un importe máximo de 1.330.000 euros que serán asumidos ao 50% pola Consellería de Medio Ambiente e o Concello de Vigo, é

dicir, 655.000 euros cada Administración. Tal e como se recolle no texto do convenio, cada anualidade estará asociada coa culminación dunha fase de tramitación do plan.

Así, a anualidade de 2018 -cun máximo de 133.100 euros- concederáse unha vez que estean adxudicados os traballos de redacción do PXOM; a anualidade de 2019 corresponderáse coa presentación do borrador do PXOM para o inicio da avaliación ambiental estratéxica e limita a anualidade a un máximo de 133.100 euros; na relativa ao ano 2020, cun importe máximo de 199.650 euros, deberá cumprirse a aprobación inicial do PXOM polo órgano municipal, así como a inserción dos anuncios de exposición pública; e, por último, a anualidade de 2021, aboarase coa aprobación provisional do PXOM polo órgano municipal e, logo do informe, a aprobación definitiva da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, cuxa contía máxima tamén será de 199.650 euros.

Así mesmo, ambas as administracións acordan que -logo da adxudicación- o importe correspondente ás baixas poderá destinarse, en proporción ás achegas de cada unhas das administracións asinantes, a financiar as eventuais modificacións do contrato de redacción da revisión do plan.

Pola súa parte, o Concello de Vigo deberá realizar as actuacións oportunas para a adxudicación do contrato, facilitar o acceso á información relativa ao Plan xeral e contribuír ao seu financiamento, cunha achega do 50% do custo total da redacción do plan.

Tal e como recolle o convenio de colaboración, constituirase unha comisión de seguimento que contará con tres representantes por cada Administración asinante e que propondrá a resolución ás posibles dúbidas ou aclaracións que xere a execución deste convenio.

Este novo paso é unha nova mostra da vontade da Xunta, que cofinanciará por segunda vez o PXOM dun mesmo concello, por colaborar na solución á situación urbanística de Vigo, dada a excepcionalidade xurdida coa anulación do PXOM (en decembro de 2015), e polo interese da Consellería de Medio Ambiente a colaborar na solución á actual situación de reviviscencia do PXOU de 1993.

A Xunta de Galicia sempre ofreceu a máxima das colaboracións para dar resposta e solución a un problema importante, como é a ordenación municipal, competencia das administracións locais, é dicir, neste caso concreto do Concello de Vigo.

Máxima da colaboración

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, ofreceu en todo momento a máxima colaboración para dar resposta a un problema importante, como é

a ordenación municipal, competencia das administracións locais, neste caso do Concello de Vigo.

Nun primeiro momento traballouse nunha liña que aportase unha solución a proxectos de especial interese levados a cabo polas administracións, como a ampliación da Zona Franca ou a ampliación de Ilevi. Isto foi grazas á aprobación da Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese.

Posteriormente aprobou a Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, as medidas provisionais de ordenación urbanística. Unha solución legal e amparada xuridicamente para permitir que determinadas zonas da cidade poidan seguir evolucionando, polo que esta orde provisional permite o desenvolvemento económico das iniciativas dos pequenos empresarios e dos particulares.

De feito, ao abeiro desta Lei o Concello de Vigo está a tramitar a Ordenación Provisional que recibiu o informe favorable, da a Consellería de Medio Ambiente dado que non se apreciaron impactos ambientais significativos, polo que agora só restan para a súa aprobacións as pertinentes tramitacións no eido municipal.

EDUCACIÓN RENOVA O APOIO ÁS UNIVERSIDADES PARA A CAPTACIÓN DOS INVESTIGADORES MÁIS EXCELENTES

- *A Consellería destina máis de 263.250 euros á UDC, USC e UVigo para a incorporación de sete científicos no marco do programa Ramón y Cajal*
- *A Xunta avanza na captación, formación e retención do talento como unha das liñas estratéxicas para o fornecemento do Sistema galego de I+D+I*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria destina un total de 263.250 euros a cofinanciar a captación, por parte das universidades galegas, de científicos cunha traxectoria destacada e alto potencial investigador, beneficiarios do subprograma Ramón y Cajal (do Ministerio de Economía e Competitividade).

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio entre a Consellería e as universidades da Coruña (UDC), de Santiago de Compostela (USC) e de Vigo (UVigo) para que poidan incorporar nos seus campus os investigadores máis excelentes.

Grazas ao apoio da Consellería, a UDC, a USC e a UVigo poderán contratar laboralmente os sete candidatos seleccionados a tempo completo durante cinco anos e coas condicións establecidas no Ramón y Cajal (RyC), catro na Universidade de Vigo, dous na de Santiago de Compostela e un da Coruña.

Deste xeito, o Goberno galego -no marco do Plan galego de financiamento universitario 2016-2020- axuda a cofinanciar os custos asociados á contratación do persoal investigador do Ramón y Cajal, cuxos salarios e cotas empresariais da Seguridade Social son por conta do Ministerio de Economía e Competitividade.

O obxectivo das axudas Ramón y Cajal é promover a incorporación de persoal investigador nacional e estranxeiro cunha traxectoria destacada en centros de I+D a través de contratos laborais ao longo de cinco anos. A través do Programa de captación de talento, trátase de incentivar e apoiar accións de incorporación de científicos de alto nivel sen que iso comporte unha carga orzamentaria para as universidades, centros de investigación ou grupos onde desenvolvan a súa actividade.

Este convenio responde a unha das liñas estratéxicas da Xunta de Galicia que é a captación, formación e retención do talento, co fin de fortalecer o Sistema galego de investigación.

Esta iniciativa súmase a outras xa desenvolvidas como o financiamento de 175 contratos predoutorais e posdoutorais para a potenciación e consolidación da carreira científica de 175 investigadores, ás cales a Consellería destina máis de 16 millóns de euros; ou os 25 millóns de euros para o financiamento estrutural e continuado dos

grupos, redes de investigadores e proxectos de excelencia que actualmente traballan no ámbito universitario.

A CONSELLERÍA DE CULTURA DESTINARÁ 40.000 EUROS A DOTAR DE MOBILIARIO A BIBLIOTECA E O ARQUIVO MUNICIPAL DE BAIONA

- *O centro alberga valiosos fondos bibliográficos e documentais, entre eles o maior arquivo histórico da comarca e un dos máis importantes de Galicia sobre o descubrimento de América*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria destinará 40.000 euros a financiar a compra do mobiliario para as renovadas instalacións da Biblioteca Municipal de Baiona, ao abeiro do convenio autorizado hoxe polo Consello da Xunta.

Cómpre salientar que esta biblioteca conta con fondos especiais, como o da Arribada, creado en 2012 para catalizar os estudos vinculados con Baiona e co descubrimento de América. Deste xeito, as novas instalacións albergarán o maior arquivo histórico da comarca e un dos máis importantes de Galicia neste ámbito. Ademais, ofrecerán unhas mellores condicións para custodiar a sección do patrimonio bibliográfico que alberga o centro e que tamén foi creado en 2012 con dúas coleccións, a Biblioteca Ángel Bedriñana e a colección das publicacións históricas con que conta o fondo total da biblioteca.

Cómpre sinalar, ademais, que a Biblioteca Municipal de Baiona se atopa no emblemático edificio Sancti Spiritus, do século XVII, polo cal as renovadas instalacións conxugarán a xoia patrimonial que supón o edificio en si e a cultural da documentación que acolle.

Este investimento enmárcase na liña de actuacións impulsada pola Consellería, a través da Secretaría Xeral de Cultura, para a mellora das instalacións bibliotecarias de Galicia e, en xeral, dos centros que levan a cabo unha programación cultural estable en todo o territorio.

Melloras nas bibliotecas de xestión autonómica

No caso das bibliotecas de xestión autonómica, o Goberno galego levou a cabo no que vai de ano diversas melloras nas instalacións das bibliotecas públicas de xestión autonómica de Vigo Juan Compañel; de Pontevedra Antonio Odriozola; da Coruña Miguel González Garcés; de Santiago Ánxel Casal, e de Lugo, nas que se investiron máis de 100.000 euros na dotación de mobiliario e na realización de diversas actuacións nas instalacións, co fin de adecuar os servizos bibliotecarios ás necesidades dos usuarios e das usuarias.

Para favorecer a mellora da rede de equipamentos culturais de Galicia, a Secretaría Xeral de Cultura vén convocando tamén unha liña de subvencións destinada aos concellos e ás súas entidades públicas, que ten por obxecto a dotación de

equipamento escénico, iluminación e son, de equipamento audiovisual, a incorporación de sistemas de prevención e seguridade e novas tecnoloxías, así como accións de mellora da accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas. A través destas axudas, a Xunta de Galicia destina este ano un total de 500.000 á mellora dos equipamentos culturais das catros provincias galegas.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A ACEPTACIÓN DA CESIÓN DE TERREOS PARA A CONSTRUCCIÓN DOS CENTROS DE SAÚDE DA ESTRADA E PADERNE DE ALLARIZ

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a aceptación da cesión de terreos para a construción dos centros de saúde de Paderne de Allariz, na provincia de Ourense, e do centro de saúde da Estrada, na provincia de Pontevedra.

No caso de Paderne de Allariz, o concello cede unha parcela de 2.255 metros cadrados, propiedade municipal, con destino á construción dun novo centro de saúde. Por parte do concello da Estrada, acéptase a cesión dunha parcela dun total de 4.262 metros cadrados para a construción do novo centro de saúde.

En ambos os dous casos, a Consellería de Sanidade xa conta cos proxectos construtivos e ten previsto sacar a licitación das obras en próximas datas.

O artigo 101.2 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, dispón que o Servizo Galego de Saúde poderá adquirir por si mesmo bens inmobles e dereitos a título gratuito logo da autorización do Consello da Xunta.

A XUNTA RENOVARÁ UNHA PONTE SOBRE O TAMBRE PARA FACILITAR A CONEXIÓN ENTRE BOIMORTO E MESÍA CUN INVESTIMENTO DE PRETO DE 146.000 EUROS

- *A intervención foi solicitada polos alcaldes de ambos os municipios para mellorar o acceso dos veciños*
- *As obras consisten na ampliación da estrutura de catro a oito metros para permitir o paso simultáneo dos vehículos e enmárcase no Plan de infraestruturas rurais da Consellería do Medio Rural*
- *A través deste plan xa se levan asinado 78 convenios en Galicia por valor de 4,5 millóns de euros*

O Consello da Xunta ratificou un convenio que permitirá renovar a ponte Boade sobre o río Tambre para mellorar a conexión entre os concellos de Boimorto e Mesía. Trátase dunha actuación solicitada polos alcaldes de ambos os municipios á Consellería do Medio Rural e á que agora se lle dá resposta cun orzamento de 145.737,63 euros.

Está previsto que as obras dean comezo antes de que remate o ano e consistirán no alargamento do viaduto para ampliálo de catro a oito metros e facilitar así o paso simultáneo dos vehículos, que ata o de agora se ve condicionado pola súa estreiteza da infraestrutura.

Esta obra levarase a cabo no marco do Plan de infraestruturas rurais da Consellería do Medio Rural, que leva xa 78 convenios asinados en toda a Comunidade por valor de 4,5 millóns de euros. A través deste plan dáse resposta ás necesidades das administracións locais para garantir o mantemento dos servizos básicos vinculados ás infraestruturas municipais e que así o trasladadasen á consellería que dirixe Ángeles Vázquez. En xeral, trátase da execución de obras relacionadas con camiños, pontóns e pontes, coas cales se pretende mellorar as condicións de vida da poboación nos núcleos rurais e favorecer a súa mobilidade.

Actualmente esta ponte, con taboleiro de formigón prefabricado, conta cunha luz aproximada de 16 metros e cinco metros de altura sobre o río, apoiado sobre estribos de formigón. A intervención prevista consistirá na ampliación do largo da ponte, cun novo taboleiro composto por dúas travesas prefabricadas sobre as cales se disporá a lousa de compresión de 30 centímetros de formigón armado. Completarase a actuación coa reposición do pavimento con balastro, grava e tratamentos asfálticos.

A XUNTA APROBA A ESTRATEXIA PARA A ELIMINACIÓN DE TREITOS DE CONCENTRACIÓN DE ACCIDENTES NAS ESTRADAS AUTONÓMICAS NESTA LEGISLATURA, CON 98 ACTUACIÓNS E 12,3 MILLÓNS DE EUROS

- *O Executivo autonómico, con esta iniciativa, está a avanzar no cumprimento do Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020, cuxo principal obxectivo é reducir nun 50% as vítimas mortais nas vías galegas con respecto ás rexistradas en 2011*
- *Un treito de concentración de accidentes, comunmente denominado “punto negro”, é un tramo dun quilómetro en que se produce un número de accidentes maior que no resto da rede de estradas*
- *Para a eliminación destes puntos levaranse a cabo actuacións como as dirixidas á redución da velocidade en travesías ou a reordenación de accesos e remodelación de interseccións para facelas máis perceptibles para todos os tráfico*
- *Optarase pola construción de rotondas para reducir a velocidade nas interseccións en que as vías confluentes teñen tráfico parecidos ou en zonas urbanas e periurbanas*
- *Reforzarase a sinalización horizontal e vertical e instalaranse captafaros e elementos de balizamentos*
- *A pasada semana someteuse a información pública o primeiro dos proxectos, na estrada PO-308, en Sanxenxo, no treito entre o Mirador da Granxa e Nanín, co fin de reducir a sinistralidade*

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace á estratexia para a eliminación de treitos de concentración de accidentes na rede autonómica de estradas nesta legislatura, que suporá a execución de 98 actuacións mediante o investimento de 12,3 millóns de euros.

O Executivo autonómico, con esta iniciativa, está a avanzar un paso máis no cumprimento do Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020, cuxo principal obxectivo é reducir nun 50% as vítimas mortais nas estradas galegas con respecto ás rexistradas no ano 2011.

Un treito de concentración de accidentes, comunmente denominado “punto negro”, é un tramo dun quilómetro en que se produce un número de accidentes maior que no resto da rede de estradas.

Actuacións

Para a eliminación destes tramos, unha vez analizadas as tipoloxías dos accidentes que se producen neles, deséñanse actuacións sobre os puntos concretos nos cales se producen os sinistros ou no seu contorno máis próximo. A execución das obras programouse en 3 fases, das cales xa están en redacción todos os proxectos das dúas primeiras.

A estratexia autorizada hoxe recolle actuacións para suprimir estes treitos, como as dirixidas a travesías co obxectivo de lograr unha redución da velocidade dos vehículos ao paso pola poboación.

Outra acción básica nesta estratexia é a reordenación de accesos, revisando os movementos de xiro onde non sexan seguros e habilitando alternativas de cambio de sentido para manter a funcionalidade. Nesta liña, tamén se reformarán e remodelarán as interseccións coa fin de facelas máis perceptibles para todos os tráfico mediante un deseño adecuado.

A construción de rotondas tamén se considera unha opción eficaz naquelas interseccións en que as vías confluentes teñen tráfico parecidos e nas cales se comprobou a ineficacia doutras solucións. Son axeitadas en zonas urbanas ou periurbanas, dado que obrigan aos vehículos que circulan pola vía principal a reducir a velocidade e incluso a deterse.

A estratexia tamén fai especial fincapé noutras actuacións que se vai executar como as consistentes na mellora da sinalización horizontal e vertical, captafaros e balizamento. Trátase dunha medida necesaria para a ordenación do tráfico e emprégase cando a sinalización existente, a pesar de cumprir coa normativa vixente, se revela insuficiente.

A Xunta tamén recolle nesta estratexia o tratamento de marxes e barreiras de seguridade. Os obstáculos perigosos nas marxes deben suprimirse sempre que sexa posible e de non poderse eliminar, cómpre realizar unha protección mediante barreiras de seguridade.

A estas actuacións previstas para esta lexislatura cómpre engadir outras que o Goberno galego xa está a desenvolver no marco de programas tan ambiciosos como o Plan de reforzos de firme e o Plan de sendas de Galicia.

Primeira actuación en tramitación

A Consellería de Infraestruturas someteu a semana pasada a información pública o proxecto de reforzo da seguridade na estrada PO-308, en Sanxenxo, desde o Mirador da Granxa ata Nanín, dando así comezo á tramitación administrativa do primeiro dos proxectos que se van desenvolver e que agruparán por treitos de estrada as 98 medidas que se executarán para completar a estratexia.

Esta actuación executarase entre os puntos quilométricos 12+400 e 15+400 co fin de reducir a sinistralidade rexistrada. Para iso, modificarase o acceso á praia de Areas, coa construción dunha glorieta que permitirá, ademais, reordenar os xiros na estrada

para os tráficos das interseccións próximas. Reforzarase tamén a sinalización de diferentes curvas e ampliarase a plataforma en dous puntos para colocar paradas de autobús, evitando que o transporte público interrompa a circulación ao realizar as paradas.

Nas vindeiras semanas iranse sometendo a información pública os documentos dos proxectos nos que se está a traballar, para efectos do inicio dos procedementos de obtención dos terreos necesarios para a súa execución.

Mostras de eficacia

A eficacia deste tipo de medidas está ratificada mediante as actuacións de mellora de seguridade viaria que vén executando o Goberno galego co obxectivo de eliminar estes puntos de concentración de accidentes.

Un exemplo da eficacia destas accións é a estrada entre Culleredo e Meirama (AC-523), na que a Xunta realizou unha serie de obras de mellora de seguridade viaria coas que se suprimiron o tramo de concentración de accidentes detectado. Deste xeito, non se volveron producir accidentes con vítimas como os que se viñan rexistrando na glorieta partida situada na zona de Esperón.

Estrada AC-532 antes da realización das actuacións para suprimir o tramo de concentración de accidentes



Estrada AC-523 despois da execución das actuacións de mellora



GALICIA MOBILIZARÁ 60 M € A TRAVÉS DO PROGRAMA FÁBRICA INTELIXENTE PARA FACER DA INNOVACIÓN A BASE DO NOVO MODELO INDUSTRIAL

- *O Goberno galego pon en marcha a segunda edición da iniciativa que inclúe entre as principais novidades a posibilidade de que as pequenas empresas sexan beneficiarias, que participen propostas cun orzamento superior aos 4 millóns de euros e que se poidan presentar proxectos innovadores*
- *O obxectivo é captar investimentos para desenvolver na Comunidade a Industria 4.0 e as tecnoloxías que a rodean, achegando apoios de ata o 80%*
- *A actuación busca contribuír á creación de empregos industriais e ao incremento do peso da actividade industrial sobre o PIB galego, obxectivos xa marcados na Axenda Industria 4.0*

O Goberno galego pon en marcha a segunda edición do programa Fábrica Intelixente, incluído na iniciativa de captación de investimentos 4.0, co que a Xunta achegará 18,2 millóns de euros para facer da innovación a base do novo modelo industrial.

Hoxe publícase no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) a consulta ao mercado deste programa co obxectivo de recoller as manifestacións de interese para desenvolver en Galicia proxectos innovadores no eido da Industria 4.0 e, posteriormente, a principios de 2018, publicarase a convocatoria correspondente.

As principais novidades desta segunda convocatoria, coa cal se prevé a mobilización de 60 millóns de euros, inclúen a posibilidade de que as pequenas empresas se poidan beneficiar deste programa que na primeira edición estaba destinado a grandes e medianas compañías. Por outra parte, ademais de proxectos de I+D, incorpóranse iniciativas ligadas á innovación. Tamén se poderán apoiar proxectos cun orzamento superior a 4 millóns de euros -no canto dos 20 millóns da primeira edición-. Con todas estas novas medidas o obxectivo é gañar tanto en simplificación como en versatilidade -logo de valorar os resultados da iniciativa ata o momento- para adaptar o apoio público ás necesidades dos sectores estratéxicos galegos e mellorar o seu impacto na economía galega.

Poderán beneficiarse desta liña de axudas proxectos individuais ou en cooperación entre empresas e organismos de investigación e a intensidade dos apoios situarase entre o 25 e o 80% do seu orzamento segundo o tipo de proxecto e empresa.

A primeira convocatoria resolveuse coa concesión de case 60 millóns de euros en axudas a Televés e PSA Citroën-CTAG que teñen previsto mobilizar 168 millóns e permiten o mantemento e á creación de 600 empregos co compromiso de desenvolver en Galicia a fase de industrialización ademais do proxecto tecnolóxico.

Este programa busca facer de Galicia un contorno atractivo para o investimento privado da I+D+i e contribuirá de xeito decisivo a acadar os obxectivos principais establecidos na Axenda Industria 4.0, como a creación de novos postos de traballo cualificados e o aumento do peso da actividade industrial sobre o PIB galego.

O SERGAS PON EN MARCHA UN MODELO DE ASISTENCIA PEDIÁTRICA QUE DEFINIRÁ A ATENCIÓN PERSONALIZADA PARA CADA CASO

- *Trátase de empregar a totalidade dos recursos asistenciais dispoñibles para a atención destas patoloxías de xeito coordinado*
- *A Unidade de Oncoloxía Pediátrica de Galicia unirá en rede os hospitais de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, que atenderán de forma integral e homoxénea en toda a Comunidade todos os casos que se traten no Sergas*
- *Unha única comisión de dirección propondrá que a atención sexa realizada polos profesionais e os centros máis indicados segundo cada paciente*

O conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, informou hoxe o Consello da Xunta que o Servizo Galego de Saúde atenderá de forma homoxénea e integral os procesos de oncoloxía pediátrica na nosa Comunidade cunha carteira de servizos protocolizada tanto en actividade programada como urxente. O obxectivo é empregar a totalidade dos recursos asistenciais dispoñibles para a atención destas patoloxías de xeito coordinado coa creación da Unidade de Oncoloxía Pediátrica de Galicia.

Este modelo unirá en rede os hospitais de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo o que mellorará a calidade na atención sanitaria aos pacientes infantís con cancro, servirá de apoio aos profesionais sanitarios implicados no seu tratamento e potenciará a innovación e investigación no ámbito do cancro infantil. É dicir, a Unidade de Oncoloxía Pediátrica funcionará como unha área de servizo compartido que aúna os recursos físicos e materiais dedicados ao tratamento do cancro nestes hospitais.

Para coordinar o seu funcionamento, créase unha única comisión de dirección que valorará cada caso concreto e se propondrá que a atención sexa realizada polos profesionais e os centros de referencia máis indicados segundo cada paciente. Ademais de dirixir a actuación de todos os procesos oncolóxicos pediátricos que se estuden ou traten no Sergas, a Comisión de Dirección tamén elaborará os protocolos de xestión de pacientes e coordinará os recursos da rede asistencial, entre as súas actuacións máis importantes.

As diferenzas na abordaxe dos casos son o problema fundamental que están a observar todos os servizos de saúde do noso contorno. Con este sistema organizativo que busca tratamentos totalmente homoxéneos, Galicia dá un paso ao fronte no sentido de que axiña o farán a maioría dos servizos de saúde.

Atención integral homoxénea en toda Galicia

O cancro infantil é un grupo de enfermidades de gran relevancia social en termos de saúde, recursos e impacto mediático e afectivo na sociedade. Os casos de cancro en menores de 19 anos son poucos (en Galicia aproximadamente 50 casos novos por

ano), pero constitúen a segunda causa de morte na infancia e adolescencia. Actualmente é curable en máis do 75% dos casos e a melloría nestas taxas de supervivencia acádase cun diagnóstico precoz e co tratamento en unidades asistenciais acreditada e con experiencia.

O seguimento dos pacientes tratados de cancro infantil non remata no momento en que se fai o tratamento. Cada vez son máis os pacientes infantís superviventes de cancro infantil que precisan un seguimento continuado a longo prazo, próximo, coordinado e superespecializado, e tamén minimizar o risco de sufrir secuelas ou problemas de saúde secundarios ao tratamento recibido.

Flexibilidade das áreas de servizo compartido

Esta nova área de servizo compartido, denominada Unidade de Oncoloxía Pediátrica de Galicia, trátase dunha modalidade organizativa que o Sergas xa realizou anteriormente nos eidos de hemodinámica ou cirurxía pediátrica e que permite crear un modelo estruturado e flexible, adaptado aos centros.

Trátase de crear un modelo que permita a dispoñibilidade de toda a información clínica do paciente, comparta criterios clínicos, aproveite o coñecemento interno da organización e que acade un alto grao de homoxeneidade nas decisións clínicas eliminando a variabilidade, ao tempo que permite a participación dos diferentes casos clínicos nos estudos de investigación que achegen valor engadido aos recursos cara a unha mellora atención para casos futuros.